

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ORDE do 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva	MT724A	NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

BENEFICIARIO: CONCELLO DE ARTEIXO
NIF/NIE: P1500500B
ENDEREZO ELECTRÓNICO: secretaria@arteixo.org
TELÉFONO: 627437685

Recibida a súa solicitude de subvención ao abeiro da *Orde do 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT724A)*, para a realización de:

Actuación: REHABILITACIÓN MUIÑO DE SISALDE
Expediente: MT724A/15/2024/000002/C

COMUNÍCOLLE:

Que o *12/08/2024* a directora xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, resolveu aprobar a súa solicitude por un importe total de 30.000,00 euros, e establece as seguintes anualidades e prazos:

- Anualidade 2024: O importe é de 15.000,00 euros
- Anualidade 2025: O importe é de 15.000,00 euros

O importe subvencionable axústase ao importe limite establecido para este tipo de solicitante.

Esta subvención finánciase íntegramente con cargo ao Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) do 80%, cos fondos propios da Xunta de Galicia nun 14% e cos fondos propios do Estado nun 6%.

Todas as actuacións correspondentes á axuda aprobada executaranse con estrito cumprimento dos condicionantes establecidos no informe ambiental. O reverso contempla igualmente outras condicións particulares aplicables á convocatoria en curso. O incumprimento das ditas condicións poderá dar lugar a perda do dereito de cobro así como ao inicio dun procedemento sancionador se fora o caso.



Condicionantes ambientais:

Co obxecto de minimizar os efectos durante a execución das actuacións, procede fixar as seguintes medidas preventivas e/ou correctoras de carácter xeral:

1. Durante a inspección de campo comprobouse que saíu do muiño un exemplar de morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*). A especie está incluída na categoría de vulnerable no Decreto 88/2007, de 19 de abril, por el que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. A realización dos traballos desenvolverase fora do período de cría e hibernada de morcegos para non alterar o estado de hibernación da especie. O período de hibernación do morcego de ferradura grande vai dende finais de novembro e principios de marzo cando a posibilidade de alimentarse é moi baixa.

2. As actuacións proxectadas deberán axustarse o establecido no Anexo IX (condicionado das accións) da orde de subvencións referida.

3. Adoptaranse as medidas oportunas para evitar calquera tipo de vertido de residuos ó medio natural. Os residuos producidos durante a realización das actuacións, deberán ser almacenados e xestionados conforme coa normativa vixente en materia de residuos.

4. Prohíbese calquera tipo de vertidos e/ou enturbamentos que podan afectar á calidade das augas (superficiais e/ou soterradas). En todo momento se deberán cumprir os parámetros de calidade das augas conforme coa normativa vixente en materia de augas.

5. Reutilizarase a terra vexetal extraída para a restauración das zonas degradadas do entorno. De ser necesario, no acondicionamento do entorno, unicamente se poderá plantar ou sementar especies autóctonas, e en ningún caso especies exóticas invasoras.

6. Si durante a execución das actuacións proxectadas, aparecen afeccións ós valores do medio natural non contempladas inicialmente, deberán paralizarse as obras e informar ó Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña, para a avaliación e tratamento das afeccións.

Unha vez efectuado o investimento, será preciso que vostede o comunique ao Servizo Provincial de Patrimonio Natural da provincia correspondente, segundo o **modelo D9** que se adxunta, a fin de que estes poidan certificar, despois da inspección *in situ*, se os investimentos se realizaron de acordo coa resolución aprobada. A notificación do remate das accións (total ou parcial) e solicitude de pagamento deberá xustificarse con data límite do 16 de setembro de 2024 para a anualidade do ano 2024 e do 15 de maio de 2025 para a anualidade do ano 2025. Estes prazos serán improrrogables.

No caso de execucións parciais, e coa condición de que non comprometan a finalidade da actividade obxecto da subvención, detraerase da axuda inicialmente concedida a parte proporcional da actuación non executada. A porcentaxe mínima de execución do proxecto non poderá ser inferior ao 60% dos custos da actuación subvencionada. Por outra banda, se executada a totalidade da actuación o custo xustificado fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase o seu importe axustándoo ao custo xustificado. O incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nestes prazos dará lugar a revogación da axuda concedida, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de mora (artigos 20 e 21 da orde reguladora das axudas).

Contra a dita resolución cabe a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da notificación da presente comunicación, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións



Públicas, ou ben, impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de calquera dúbida diríxase ao Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de A CORUÑA, Tlf 981 184 589

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas



ANEXO

*Condicions particulares: Comunicaranse ás persoas beneficiarias as condicións particulares que rexan segundo as bases e a convocatoria, con indicación dos prazos. Engadiranse os modelos normalizados que poidan ser necesarios.

1.- De acordo coas bases da convocatoria (art 19), existe a posibilidade de solicitar o abono dun único pago anticipado. Se así o decidira, deberá solicitalo por escrito, no modelo normalizado que se xunta, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nun prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda. O anticipo non poderá superar o 50% da axuda concedida nin a anualidade prevista no exercicio orzamentario de 2024.

2.- As persoas beneficiarias que solicitasen o anticipo, todas as actuacións deberán estar executadas e pagadas con data límite do 16 de setembro de 2024, aínda que poderán presentar a documentación xustificativa do importe anticipado na data establecida para o 2025, xunto coa xustificación final.

3.- O prazo de execución será improrrogable (art. 20).

4.- Cando a elección entre as ofertas presentadas non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberá xustificarse expresamente a elección nunha memoria (art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Esta memoria engadirase, no momento da xustificación, ás facturas e demais documentos xustificativos do pagamento.

5.- Considérase gasto realizado o que foi efectivamente aboado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

6.- En caso de discrepancias entre o importe da axuda cuxo pagamento se solicita e o importe da axuda correspondente aos investimentos dos cales os servizos provinciais de Patrimonio Natural certifican a súa correcta realización, aplicaranse os criterios de redución e exclusión da axuda contemplados na orde reguladora, no artigo 9 da Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas e nos artigos 50 e 51 do Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no PEPAC.

Establecerase:

a) O importe que se aboará ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pago presentada.

b) O importe que se aboará ao beneficiario tralo estudio da admisibilidade da solicitude de pagamento, documentación xustificativa presentada e realidade física dos investimentos correspondentes.

Se o importe establecido segundo a letra a) supera o importe establecido segundo a letra b) en mais dun 10%, o importe a pagar resultará de aplicar unha redución ao importe establecido segundo a letra b) igual á diferenza entre os dous importes citados. Esta redución non se aplica cando o persoa beneficiaria pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

7.-Cando se determine intencionalidade na presentación dunha declaración falsa, a persoa beneficiaria quedará excluída da axuda Feader en cuestión e do resto de axudas vinculadas á medida durante o ano natural de que se trate e o seguinte. Ademais recuperaranse os importes aboados pola operación ata ese momento.

8.- Son causas de forza maior: o pasamento da persoa beneficiaria, a incapacidade laboral de longa duración, unha catástrofe natural grave ou a destrución do investimento por accidente ou como consecuencia doutras actuacións de interese público non previsibles no momento da concesión. En todo caso, estas causas deberán ser comunicadas por escrito e xustificadas pola persoa beneficiaria nun prazo de 10 días hábiles desde que se atope en condicións de facelo.

